

DESENVOLVEMENTO DE PROBAS DEPORTIVAS E OUTRAS ACTIVIDADES OCUPANDO TOTAL OU PARCIALMENTE VÍAS DE USO PÚBLICO

Todas as actividades, incluídas as de carácter deportivo, que se organicen e desenvolvan dentro do termo municipal ocupando total ou parcialmente as vías públicas haberán de contar coa preceptiva autorización municipal (agás as organizadas polos propios concellos), e obter en todo caso (sexá quen sexa o organizador) os informes das administracións titulares das vías e da correspondente Xefatura de Tráfico cando sexa a Administración Xeral do Estado quen teña atribuída a ordenación, xestión, control e vixilancia do tráfico.

Nos supostos que o desenvolvemento dunha actividade implique que haxa que pechar a circulación unha vía pública, a mesma deberá ser autorizada pola Xefatura de Tráfico ou, de ser o caso, pola autoridade autonómica ou local responsable da regulación do tráfico, nos termos sinalados no artigo 37 do Real Decreto 1428/2003, do 21 de novembro, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Circulación para a aplicación e desenvolvemento do texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade viaria.

A normativa reguladora da utilización das vías públicas para a realización de probas deportivas, marchas ciclistas e outros eventos é a contida no anexo II do mencionado Real Decreto 1428/2003, do 21 de novembro.

Anéxanse para xeral coñecemento, diversas instrucións da Dirección Xeral de Tráfico relativas á organización de probas deportivas e marchas ciclistas.